

Venres, 24 de xaneiro de 2020

Núm. 16

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARBO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN NOVO PREZO PÚBLICO PARA PARTICIPAR NA ACTIVIDADE DENOMINADA "ANDAINA DA LAMPREA"

A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 17 de xaneiro de 2020 adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro. Aprobar o seguinte prezo público por participación na actividade de "Andaina da Lamprea":

PREZO PÚBLICO POR PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE "ANDAINA DA LAMPREA"

Artigo 1.- Obxecto

Será obxecto deste prezo público a participación na actividade municipal denominada "Andaina da Lamprea" organizada e desenvolta polo Concello de Arbo, que ten lugar no mes de abril.

Artigo 2.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do prezo público establecido nace dende o momento no que se formalice a inscrición na referida actividade municipal.

O pagamento do prezo público deberá efectuarse mediante ingreso no número de conta bancario que figura no formulario de inscrición.

A inscrición será nas oficinas municipais do Concello.

Coa inscrición correspondente deberá achegarse copia do xustificante de pagamento.

Artigo 3.- Obrigados ao pagamento

Quedan obrigados ao pagamento dos prezos públicos regulados, as persoas e entidades que soliciten a inscrición nesta andaina.

Dita obriga nace no momento da solicitude de participación na actividade e extingúese co desfrute desta.



Venres, 24 de xaneiro de 2020

Núm. 16

Artigo 4.- Contía

A contía do prezo publico fíxase en 8 €.- por participante. Esta contía dá dereito a participar na Andaina e a Degustación dos produtos típicos do Concello de Arbo no Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea.

Artigo 5.- Normas de xestión. Administración e Cobranza**5.1. Forma de pagamento**

Mediante ingreso no número de conta bancario ES44. 2080.5011. 853040005379

5.2. Baixas e devolucións

- a) Poderán solicitarse por escrito 20 días antes do inicio da competición, procedéndose á devolución da cantidade entregada a conta.
En ningún caso se procederá á devolución do prezo pagado unha vez iniciada a prestación do servizo.
- b) Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo público, non se desenrole a actividade, procederá a devolución do importe que corresponda, previa petición da persoa ou entidade interesada, acompañando a súa petición o orixinal do xustificante de pagamento ou recibo acreditativo do pagamento realizado.
- c) As débeda por prezos público poderán esixirse polo procedemento de constrinximento.

Artigo 6.- Normas complementarias

No non previsto no presente texto regulador e que faga referencia á aplicación, xestión, liquidación, inspección e recadación deste prezo público, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e demais lexislación de carácter local e xeral que lles sexa de aplicación; en especial o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o Regulamento Xeral de Recadación e demais normativa concordante.

Artigo 7.- Entrada en vigor

Os presentes prezos públicos e o seu texto regulador entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP.

Segundo. Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.”

Documento asinado electronicamente en data 17.01.2020.

O alcalde,

Horacio Gil Expósito

